

A veciña do segundo

O valor dos billetes máis pequenos

Incluso nos días máis borrallentos de 2014, nos que a nosa rúa era unha sucesión de edificios tristes e idoiros de auga, a primavera nacia uns minutos cando a veciña do segundo aparecía no portal. Naquel lapso de tempo esfumábase a pantasma da crise e da precariedade. Hai dez anos daquilo, pero na familia lembramos ben as raiolas de luz que acompañaban o andar artrítico da señora Luísa.

Roi e Martiño adorábana. Non era para menos. O seu bolso era o máis semellante ao peto máxico de Doraemon: un caramelo, un chupa, o cromó dun futbolista... e se rebuscando naquel universo paralelo non atopaba nada ao xeito, como a mellor das prestidixitadoras, facía aparecer un billete de cinco euros, tan coidadosamente dobrado que semellaban un selo.

-Tomade que seghuro que habedes ter mozas e queredes convidalas a un chocolate con churros, ou non?

Mentres o maior desenvolvía coas súas mans diminutas o diñeiro, o pequeno seguía a escena parapetado detrás do chupete. Despois falaba con nós. Quería saber se os nenos durmían, se as nosas familias estaban ben, se nos afaciamos na vila, se Marta conseguira traballo... incluso, baixando a voz, preguntaba se necesitabamos cartos.

- Calquera cousa dicídeme. Eu ben vexo na televisión como está todo.
- Agradecemosllo moito! Pero imos tirando.

Chegamos a ter unha relación moi afectuosa con aquela muller que dicía ter "oitenta e demasiados anos" (noventa e un, segundo unha sobriña que a viña visitar). A idade cronolóxica era o de menos. O paso do tempo non

lle borrara nin a mocidade dos ollos nin un humor que despexaba o día máis anubrado.

-Señora Luísa, como está hoxe?

-Pois mira, neno, aínda non che debo estar tan mal que veño do médico e pedíume que me espise de todo.

Pasaron xa dez anos e canda eles multitude de idoiros de auga (tamén de días solleiros). Marta atopou traballo, Roi salta os cavorcos da adolescencia e o que zugaba no chupete comeza o vindeiro curso o instituto. A vida foxe e vai deixando atrás un ronsel. Tamén á señora Luísa. A senilidade mostrou a súa cara menos amable e ela foi consciente. Nunha das últimas conversas nas que asomou algo de lucidez confesoume que só botaba de menos non ter nacido algunhas décadas máis tarde.

-Quen me dera andar no coche como as rapazas de agora!

Poucas semanas despois levárona para un centro. Vímoa un par de veces, nunha ata lembrou o nome dos nenos. Despois asaltouna unha brétema mesta da que xa nunca máis puido desprenderse.

Esta mañá, camiño do traballo, sentina ao meu carón. Nun debate radiofónico alguén, moi irritado, afirmaba que era un disparate seguir ligando a suba das pensións ao custe da vida, que se o déficit, que se Europa, que se a hipoteca que suporá para as xeracións futuras... Apaguei a radio. Pensei na inxente rede de Luísa que ofrecen o pouco que teñen para que a vida siga. De todas elas aprendín que só a xente salva á xente... e que as primaveras se abren cos billetes máis pequenos.